



LA CANDIDATA PERFECTA

De la directora de 'LA BICICLETA VERDE' y 'MARY SHELLEY'

'Apasionada, fuerte y decidida. Imprescindible.'



06-08 ABRIL

“Emocioteca: Libres e iguais”.

Actividades lúdico-educativas para crianzas
Dinamiza: Afouta Sociedade Cooperativa Galega.

Hora: de 10.00 a 13.00

Lugar: Concellaría de Igualdade (rúa do Ensino, 24)
Inscripcións: directamente na Concellaría de Igualdade, o 1 de abril, desde as 9.00 h ata rematar prazas (20)

Concello de **OURENSE** Igualdade

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES



08 MARZO
2020

Ignoramos a nosa verdadeira estatura ata que nos poñemos en pé
(Emily Dickinson)

Concello de **OURENSE** Igualdade

Financia:



Coorganizan:



Colaboran:



Servizo de canguraxe previa
solicitude con dous días de antelación.

01 ABRIL

Cine: *A candidata perfecta* (2019, Arabia Saudí; dir. Haifaa Al-Mansour; Festival de Venecia: Sección oficial a competición) Actividade coorganizada co Cineclub Padre Feijóo

Sinopse: Unha muller vese obrigada a dar marcha atrás nun aeroporto por culpa do seu titor masculino, cuxos papeis non están en regra. Motivada por este feito, decide iniciar unha campaña para pelexar contra as normas machistas que imperan en Arabia Saudí en relación co comportamento social e coa influencia da familia en decisións importantes e que deberían ser unipersoais.

Hora: ás 18.00, ás 20.30 e ás 23.00

Lugar: Cineclub Padre Feijóo (rúa Concello, 11).

08 MARZO 2020

DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES

04 MARZO

Acto institucional

Hora: ás 12.00

Lugar: Salón de Plenos do Concello

Acto de entrega do XIV Premio Clara Campoamor á Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Hora: ás 20.30

Lugar: Liceo de Ourense

08 MARZO

Partido de fútbol amistoso “Pola igualdade real entre mulleres e homes” entre C.D. Rosalía e Mulleres de Ourense. Organizado en colaboración coa Excm. Deputación de Ourense, o Consello Municipal de Deportes, a Escola de Fútbol Feminino Rosalía e Mulleres de Ourense

Hora: ás 10.00

Lugar: Pavillón dos Remedios

Billeteira: 5 € (Venda de entradas nas oficinas dos grupos políticos do Concello de Ourense e da Deputación Provincial)

Carreira pola igualdade e diversidade “ Son libre para correr”

Coorganizada co Consello Municipal de Deportes e Club RunManiak Box 001 Ourense

Hora: ás 11.00

Inicio: Saída e meta na Praza Maior



09 MARZO

Cine: A ola verde (Que sexa lei) (2019, Arxentina; dir. Juan D. Solanas, Premio TVE "Otra mirada" no Festival de San Sebastián). Actividade coorganizada co Cineclub Padre Feijóo.

Sinopse: Cada día morre unha muller na Arxentina debido aos abortos clandestinos. 'Que sexa lei' conta a loita para terminar con esta deficiencia legal. En 2018, debateuse un proxecto de lei de aborto legal que dividiu o país. Despois dunha vitoria na Cámara de Deputados, pero antes do voto definitivo no Senado, o documental reflicte a batalla decisiva, con testemuños de vítimas e de mulleres que lideraron esta loita.

Hora: ás 20.30 e ás 23.00

Lugar: Cineclub Padre Feijóo (rúa Concello, 11)

15 MARZO

“Aquí non se xoga coa violencia machista”. Actividade coorganizada co C.D. Seixalbo que terá lugar no transcurso do partido de Liga C.D. Seixalbo-ACD Cartelle.

Hora: ás 16.30

Lugar: Campo de fútbol de Seixalbo



17 MARZO

Cine: Arima (2019, España; dir. Jaione Camborda). *Presenta o actor Tito Asorey.* Actividade coorganizada co Cineclub Padre Feijóo.

Sinopse: A vida de catro mulleres e unha nena que se ve alterada pola chegada inesperada de dous forasteiros. Un deles foxe do outro, agochándose pola aldea como un ser fuxidío, fantasmagórico e de dubidosa existencia. O outro, un home ferido e cunha arma, perturbará de diferentes xeitos o día a día das mulleres, nunha fronteira entre o real e o imaxinado, entre o pesadelo e o soño, entre o medo e o desexo, nunha historia impregnada de misterio.

Hora: ás 20.30

Lugar: Cineclub Padre Feijóo (rúa Concello, 11).



26 MARZO

Apuntámonos ao Botrato. Identificando violencias machistas para outro modelo de relacións

Relatora: Monse Vilar Figueirido. Formadora especialista en xénero da Librería Lila de Lillith

Hora: ás 20.15

Lugar: Centro Cívico Colón (rúa Colón, 18)

